

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alcaían

Onde hoxe chaman Braña Rubia, en Seavia, Coristanco (A Coruña) houbo unha vila chamada Alcaían ou Alcaán. Agora está asolagada nun pozo moi fondo a unha profundidade de sete adivais. Cóntase que se asulagou cando Xesús Cristo e San Pedro andaban polo mundo de esmoleiros. Pediron pousada en moitas casas da vila de Alcaían e en ningunha llela quixeran dar. Mesmo lles encirraron os cans. Entón Xesús Cristo dixo:

Adeus, vila de Alcaían

que me encirraches os cans.

Afundiraste

e nunca arriba volverás.

Outros opinan que o que dixo Xesús Cristo foi isto:

Afúndete vila e érguete can,

Hoxe es vila e mañá serás braña.

Tamén hai a opinión de que a causa do afundimento foi que un día o santo de Alcaían aborrecese con todos os veciños e dixo:

Pobo de Alcaían,

antes eras vila

e agora queres ser brañal.

E afundiuse Alcaián, e os que se poñan enriba de onde estaba tamén se van ao fondo. Algunhas veces os veciños de Salgueiras e os de Mira escoitan tocar as campás, ladrar os cans e cantar os galos ás doce da noite de Noiteboa ou o día de San Xoán.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. M^a., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997.

MONTEAGUDO, L. «Palafitos. Problemas y leyendas», Revista de Dialectología y Tradiciones populares, Tomo XIII, Madrid, 1957.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Alcaián], Xerais, Vigo, 1999.

GARCÍA MARTÍNEZ, M. C., «Alcaián», Gran Enciclopedia Gallega, tomo I, Silverio Cañada, Santiago, 1974.

VAQUEIRO, Vitor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.

COMENTARIOS ENVIADOS

esta e a historia mais bonita que lin na miña vida e alcaian e o sitio mais bonito que vin

Enviado por anonimo o 01/02/2008 ás 14:14:05